

## **PROPOSICIÓN SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES PARA A TRANSPARENCIA DA XESTIÓN MUNICIPAL**

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 19/2013, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, recolle a obriga de todos os concellos de publicar os datos da súa xestión, tanto nos aspectos xurídicos como económicos, a partir do 11 de decembro de 2015 a través do denominado Portal de Transparencia, co obxectivo claro de que os cidadáns teñan acceso a toda a información para poder fiscalizar mellor a acción dos servidores públicos, neste caso dos concelleiros e concelleiras. Só nese intre poden valorar cómo se manexan os fondos públicos, cales son as decisións que se toman, favorecendo daquela a existencia dunha sociedade máis crítica e esixente cos poderes públicos.

Na actualidade, a pesar dos compromisos do equipo do Goberno, asistimos a que o Concello de Santiago está a incumprir o mandato dos artigos 6 e 7 da Lei de Transparencia. Abonda con mirar a páxina web para constatalo. O feito de que no día de onte se volveran a colgar os contratos menores e o período medio de pagamento, despois dunha pregunta deste Grupo no mes de setembro e dunha moción do BNG no mes de novembro, non é suficiente por sí só para que existan garantías de que vai haber periodicidade no volcado dos datos na web (levamos 7 meses para colgar uns arquivos en formato PDF na web municipal), privando ao conxunto da cidadanía e aos grupos da oposición de informacións puntuais e crucial importancia para a avaliar a xestión dos intereses municipais.

Para superar o evidente incumprimento da legalidade nesta materia e do propio compromiso político do Goberno municipal, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción dunha serie de medidas urxentes a través do seguinte

ACORDO:

O Pleno Municipal insta aos correspondentes órganos do Concello a adoptar as medidas precisas para garantir o acceso á información e a transparencia, dando pleno cumprimento aos artigos 6 e 7 da Lei 19/2013 de Transparencia e ás determinacións establecidas no propio Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, empregado a páxina web municipal para a difusión pública da información e abordando, en particular e de forma urxente, das seguintes medidas:

1. Que se dea pleno cumprimento ao disposto nos artigos 6 e 7 da Lei 19/2013 de Transparencia e do ROM a través da páxina web municipal (por exemplo no tocante á relación de subvención e axudas públicas concedidas ou a información sobre as modificacións dos contratos).
2. Que se respecte o día establecido para a consulta dos grupos municipais dos expedientes incluídos en cada Xunta de Goberno celebrada, garantindo a posta a disposición íntegra e permanente durante esa xornada de toda a documentación.
3. A retransmisión en directo e a posta a disposición do histórico das gravacións das sesións plenarias municipais, cunha periodicidade que non exceda da semana posterior á súa celebración.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016.



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela